PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CEIP ISAAC PERAL

Curso 2022 - 2023

ÍNDICE

1. **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CENTRO PARA ESTE CURSO** 2
2. **ORGANIZACIÓN DO CENTRO** 5
   - 2.1 ESTRUTURA ORGÁNICA DO CENTRO. 6
   - 2.2 CADROS DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA. 6
   - 2.3 ORGANIZACIÓN DO PERSONAL NON DOCENTE 8
3. **FUNCIONAMENTO DO CENTRO** 9
   - 3.1 PLAN DE ACTUACIÓN DE:
     - 3.1.1. Órganos de goberno: unipersoais e colexiados 9
     - 3.1.2. Órganos de coordinación docente 9
     - 3.1.3. Departamento de Orientación 10
     - 3.1.4. Dinamizacións. 12
   - 3.2 HORARIOS:
     - 3.2.1 Xornada escolar 17
     - 3.2.2 Criterios pedagóxicos de elaboración de horarios 17
     - 3.2.3 Horarios de cursos 18
     - 3.2.4 Quendas de recreos 18
     - *3.2.5* Horarios de atención ao público. 18
   - 3.3 ESTATÍSTICA DE PRINCIPIO DE CURSO. 19
   - 3.4 INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO: SITUACIÓN E UTILIZACIÓN. 20
   - 3.5 LIBROS DE TEXTO E OUTROS MATERIAIS CURRICULARES. 21
4. **ACTIVIDADES DO CENTRO:**
   - 4.1 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES 24
5. **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**
   - 5.1 COMEDOR 28
6. **PROGRAMAS E FORMACIÓN:**
   - 6.1 PROXECTOS DE FORMACIÓN E GRUPOS DE TRABALLO DO PROFESORADO. 29
7. **PLANS E PROXECTOS**
   - 7.1 PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA 29
   - 7.2 PLAN DE EVACUACIÓN DO CENTRO 30
   - 7.3 Outros: PLAMBE, Prox ABALAR, SECCIÓNS BILINGÚES, PLAN DE IGUALDADE,... 30
8. **RELACIÓNS DO CENTRO COAS FAMILIAS E A COMUNIDADE** 34
9. **PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO - PROPOSTAS DE MELLORA.** 34
10. **PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN XERAL**. 37
11. **APROBACIÓN DA PXA**. 38
12. **ANEXOS** 39

1. OBXECTIVOS DO CENTRO PARA ESTE CURSO: MEDIDAS E RECURSOS.

OBXECTIVOS XERAIS

1. Velar pola boa organización e funcionamento do Centro, utilizando os recursos materiais e humanos dispoñibles.
2. Adaptar o noso centro á situación especial do COVID_19, respectando as normas de hixiene e organización da situación en cada momento.

1.1 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

DE CARÁCTER XERAL

1. Mellorar as infraestruturas do Centro.
2. Cumprir as normas básicas de convivencia do Centro.
3. Cumprir as novas normas adaptadas ao COVID_19 indicadas polas autoridades sanitarias e educativas.
4. Promover unha boa coordinación pedagóxica entre o profesorado e os distintos equipos, así como unha boa relación con toda a comunidade educativa e con todas as institucións coas que nos relacionamos.

DINAMIZACIÓN DO CENTRO

1. Abrir o centro a novos países, descubrindo á vez modos, métodos e formas de ensino.
2. Favorecer a planificación e organización das distintas actividades xurdidas no ámbito da biblioteca escolar, dinamización da lingua galega, equipo das Tics e convivencia …
3. Organizar e desenvolver actividades complementarias ao longo do curso.
4. Seguir mellorando a xestión dos espazos de uso compartido: usos múltiples, psicomotricidade, pavillón…
5. Optimizar o funcionamento dos diferentes recursos didácticos.

TIC

1. Aumentar o grao de informatización dos datos do Centro a través de Xade web e posta en marcha do programa de Xestión de Bibliotecas "KOHA".
2. Aumentar a implicación do profesorado na xestión informática dos datos académicos que competen ao seu alumnado.
3. Fomentar os usos das novas tecnoloxías nas aulas.
4. Profundar no uso dos libros dixitais: Proxecto E-DIXGAL.
5. Manter e ampliar os contidos da páxina web do centro.
6. Actualizar a formación do profesorado (aula virtual, abalarMóbil...) e alumnado nas novas tecnoloxías.
7. Implantación do Plan Dixital de centro.

ORIENTACIÓN

1. Desenvolver medidas de atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, ou con necesidade de reforzo educativo.
2. Favorecer a integración de alumnos e alumnas procedentes doutros colexios e do estranxeiro.
3. Previr o acoso escolar.

PLANS, PROXECTOS E PROGRAMACIÓNS

1. Actualización de Plans e Proxectos xa vixentes.
2. Revisións e actualizacións das programacións LOMCE e elaboración das programacións LOMLOE.
3. Actualización, se procede, do Plan de adaptación ao COVID-19.

1.2 MEDIDAS

1. Elaboración dos distintos horarios de atención ao alumnado.
2. Distribución do profesorado nos distintos órganos de participación e coordinación. Unha vez constituídos, elaborarán e desenvolverán os plans respectivos.
3. Reunión dos Equipos de Dinamización, de Actividades Complementarias e da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Ademais dos equipos encargados da elaboración dos diferentes proxectos.
4. Reunión do Equipo COVID para analizar a situación COVID do centro e actualizar os documentos se fose necesario.
5. Información aos pais/nais para que a súa colaboración co centro reverta nunha mellora educativa para os seus fillos/as.
6. Información, de ser o caso, a toda a comunidade educativa da realidade do centro adaptada ao COVID_19.

1.3 RECURSOS

1. A normativa vixente en canto a organización e funcionamento do centro nos diferentes aspectos.
2. O currículo de Infantil e Primaria.
3. Recursos existentes no centro e os que solicitemos á Consellería, ao Concello de Ferrol e ás distintas administracións.
4. As asignacións orzamentarias da Consellería de Educación.
5. O XADE web, o programa KOHA, e a plataforma dixital EVA.
6. Os medios de difusión do centro: páxina web, facebook...
7. Instrucións e protocolos do COVID-19 publicados pola Consellería de Educación.

2. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

2.1 ESTRUTURA ORGÁNICA DO CENTRO



2.2 CADROS DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

EDUCACIÓN INFANTIL	4º Infantil A	Sofía Meixoeiro Pérez - Mendaña
	4º Infantil B	Isabel López Díaz
	5º Infantil B	Adela Mª Fernández Calvo
	6º Infantil A	Alicia Varela Bouza
	6º Infantil B	Lorena Aitana Patiño Núñez
	Apoio	Manuela Teresa Allegue Pérez
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º A	Susana María Aneiros Díaz
	1º B	Rosario María Martínez Seijido
	2º A	Nieves López Feal
	2º B	Raquel Sedes Díaz
	3º A	Mª Sandra López Suárez
	3º B	Raquel Zaplana Rodríguez
	4º A	Ángela Pérez Ruiz
	4º B	Mª Amalia Fontes Rey
	5º A	Mª Virtudes Pérez Corral
	5º B	Mª Pilar Porto Romalde
	6º A	Antía Fernández López
	6º B	Luis Torrente Leira
Educación Física		José Luis Docampo Amoedo
		Luis Torrente Leira
Lingua Estranxeira	**Inglés**	Raúl Bugallo Lago
		María Sánchez Sánchez
	Francés	Rosario Mª Martínez Seijido (Titora)
Educación Musical		Mª Emma Sela Pérez
Orientadora		Mª Pilar Dafonte Tizón
Pedagoxía Terapéutica		Mª Teresa Castiñeira Chouza
Pedagoxía Terapéutica		Laura Viñal Rivera
Audición e Linguaxe		Paula Fernández García
Audición e Linguaxe		Inés Sánchez Castro (compartida)
Ensinanza Relixiosa		Mª Leonor Janeiro Lombos
Equipo Directivo	Directora	Marta López Díaz
	Xefa de Estudios	María Sánchez Sánchez
	Secretaría	Manuela Allegue Pérez

GRUPOS

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA	Directora	**Marta López Díaz**
	Xefa de Estudos	María Sánchez Sánchez
	Secretaria - E. Infantil	Manuela Allegue Pérez
	Orientadora	Mª Pilar Dafonte Tizón
	Coordinadora de E. Infantil	Adela Mª Fernández Calvo
	Primaria (EDLG)	Mª Virtudes Pérez Corral
	Primaria (Activ. Extraescolares)	Susana María Aneiros Díaz
	Primaria (Dinamización da Biblioteca)	Mª Amalia Fontes Rey

DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	E. Infantil	Lorena Aitana Patiño Núñez
	E. Primaria	Nieves López Feal
	E. Primaria	María Sandra López Suárez
	Inglés	Raúl Bugallo Lago
	Educación Física	Luis Docampo Amoedo Luis Torrente Leira
	Orientación	Mª Teresa Castiñeira Chouza
	E. Primaria (coordinadora)	**Mª Virtudes Pérez Corral**

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	Orientadora	**Mª Pilar Dafonte Tizón**
	Prof. de Pedagoxía Terapéutica	Laura Viñal Rivera
	Prof. de Pedagoxía Terapéutica	Mª Teresa Castiñeira Chouza
	Prof. de Audición e Linguaxe	Inés Sánchez Castro (compartida)
	Prof. de Audición e Linguaxe	Paula Fernández García
	E. Infantil	Adela Mª Fernández Calvo
	E.Primaria	Mª Amalia Fontes Rey

DINAMIZACIÓN BIBLIOTECA	E. Infantil	Sofía Meixoeiro Pérez - Mendaña
	E. Infantil	Isabel López Díaz
	E. Primaria	Raquel Sedes Díaz
	E. Primaria	Ángela Pérez Ruiz
	E. Primaria	**Mª Amalia Fontes Rey**
	E. Primaria	Antía Fernández López
	Orientación	Paula Fernández García
	Xestión da Biblioteca	Mª Leonor Janeiro Lombos

DINAMIZACIÓN TICS	E Infantil	Alicia Varela Bouza
	E Infantil	Manuela Allegue Pérez
	E. Primaria	Rosario Mª Martínez Seijido
	E. Primaria	Raquel Zaplana Rodríguez
	E. Primaria	**Mª Pilar Porto Romalde**
	E. Primaria	María Sánchez Sánchez
	E. Primaria	Marta López Díaz
	Orientación	Laura Viñal Rivera
	Grupos dinamizadores	Mariví, Antía e Sofía

EQUIPO DE ACT. COMPLEMENTARIAS / EXTRAESCOLARES	Directora	Marta López Díaz
	Xefa de Estudos	María Sánchez Sánchez
	Secretaria - E. Infantil	Manuela Teresa Allegue Pérez
	Orientadora	Mª Pilar Dafonte Tizón
	E. Primaria (Coordinadora)	**Susana María Aneiros Díaz**
	E. Infantil	Adela Mª Fernández Calvo
	E. Primaria (Biblioteca)	Mª Amalia Fontes Rey
	E. Primaria (EDLG)	Mª Virtudes Pérez Corral

SECCIÓNS BILINGÜES	**María Sánchez Sánchez**
	Mª Emma Sela Pérez
PROFE. PROA+	Tania María Caruncho Vivero

EQUIPOS DE CICLO E COORDINACIÓN

EDUCACIÓN INFANTIL	4º Infantil A	Sofía Meixoeiro Pérez-Mendaña
	4º Infantil B	Isabel López Díaz
	5º Infantil A	Mª Adela Fernández Calvo
	6º Infantil A	Alicia Varela Bouza
	6º Infantil B	Lorena Aitana Patiño Núñez
	Apoio	Manuela Teresa Allegue Pérez

2.3 ORGANIZACIÓN DO PERSONAL NON DOCENTE

O centro dispón do seguinte persoal non docente:

- **Auxiliar Administrativo**
  - Juan Vázquez Carracedo
    - Horario: 9:00 a 14:00 h
      16:00 a 18:30 h
- **Persoal laboral coidadora:**
  - Mª Mar García Ramonde: 9:00 h – 16:00 h
- **Persoal laboral subalterno**
  - Manuel Ángel Portas Otero
    - Horario: 8:30 a 14:30 h
      16:00 a 17:30 h
- **Persoal laboral limpeza**
  - Belén Bello Torre: 6:15 a 13:45 h
  - María Marqués da Rosa: 14 a 21:30 h
  - María Mercedes López Serantes: 13:45 a 21:15 h

Estes horarios serán flexibles axustándoos sempre ás necesidades do centro.

3.FUNCIONAMENTO DO CENTRO

3.1 PLAN DE ACTUACIÓN DE

3.1.1. ÓRGANOS DE GOBERNO: UNIPERSOAIS E COLEXIADOS

3.1.2. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

	ÓRGANOS	PLAN DE ACTUACIÓN
ÓRGANOS DE GOBERNO	Equipo directivo: directora, xefa de estudos, secretaria	- Dirixir e coordinar a actividade, organización e economía do centro.
	Consello escolar	- Participar na xestión do centro e decidir sobre os aspectos non docentes.
	Claustro	- Planificar, coordinar e decidir sobre os aspectos docentes.
ÓRGANOS DE COORD. DOCENTE	Equipo de ciclo (E. Infantil)	- Coordinar toda a actividade do ciclo. - Organizar e desenvolver as ensinanzas propias do ciclo.
	CCP	- Revisar e coordinar as programacións e proxectos.
	Equipo de Dinamización da Lingua Galega	- Fomentar o uso do galego a nivel do profesorado, en todos os actos académicos. - Aumentar a competencia do alumnado no uso do galego. - Acadar unha axeitada competencia en galego ao remate da etapa
	Equipo de act. complementarias e extraescolares	- Coordinar todo tipo de actividades complementarias e extraescolares do centro.

3.1.3. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Os obxectivos do Departamento desenvolveranse nos seguintes ámbitos:

A atención ao proceso de ensino/aprendizaxe e á diversidade, a acción titorial e o traballo conxunto coas familias. Deste xeito, os obxectivos que nos propoñemos acadar son os seguintes:

1. Respecto ao propio departamento:

• Adquirir recursos bibliográficos, de diagnóstico e curriculares.

• Establecer e manter contactos e liñas de colaboración con aquelas institucións do entorno que sexa necesario: servizos sociais, sanitarios, terapéuticos….

• Manter as liñas de colaboración cos Departamentos de Orientación dos centros públicos de Ferrolterra.

2. Atención ao alumnado:

• Identificar de xeito temperá as necesidades específicas do alumnado, co fin de adoptar medidas preventivas e compensadoras.

• Revisión e modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

• Realizar as novas avaliacións psicopedagóxicas que se consideren pertinentes.

3. Respecto ao profesorado:

• Colaborar cos titores/as na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización no centro.

• Asesorar e colaborar cos titores/as na elaboración de reforzos educativos e adaptacións curriculares.

• Apoiar a actuación do profesorado proporcionándolle información sobre recursos e medios (materiais e didácticos) así coma estratexias metodolóxicas que podan favorecer a súa labor docente e titorial.

• Colaborar cos titores/as no fomento e profundar na relación coas familias.

4. Respecto ao centro:

• Potenciar o establecemento de liñas de coordinación entre os titores/as, especialistas en PT e AL e a xefa do departamento co fin de mellorar a eficacia da intervención educativa.

• Asesorar e colaborar, no ámbito das súas competencias, na elaboración do Proxecto Educativo do Centro.

• Colaborar no plan de convivencia e no desenvolvemento das accións oportunas.

• Participar na elaboración e uso de protocolos para a prevención e control do absentismo escolar.

5. Respecto ás familias:

• Colaborar estreitamente coas familias na educación e atención dos/as seus/súas fillos/as, especialmente aqueles/las que teñan algún tipo de dificultade.

• Facilitar que as familias se poidan achegar ao Departamento de Orientación co ánimo de solucionar calquera dúbida ou preocupación que poidan ter con respecto aos seus fillos/as.

• Colaborar coa asociación de nais e pais do centro en temas relacionados coa orientación educativa.

DINAMIZACIÓNS

DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

O proxecto deste curso, **"O cómic"**, intenta ser interdisciplinar e integrador, que abrangue todas as áreas do currículo e debe axudar a desenvolver todas as competencias.

Peraliño, a nosa mascota da biblioteca, é un experto nos diferentes tipos de textos xa que leva moito tempo na biblioteca do centro. Este ano vainos guiar e axudaranos a coñecer con máis profundidade distintos comics coas fermosas e variadas historias que neles se podemos atopar. Do mesmo xeito, seguramente querrá ser protagonista dalgún deles ou mesmo ter a súa propia tira cómica! Xa veremos Peraliño…

1º Bloque (1º trimestre). Presentación do proxecto

Obxectivos:

- Recabar información do alumnado a xeito de "avaliación inicial" para saber que coñecemento teñen do comic e recoller as súas propostas.
- Iniciarse no mundo do comic e dar a coñecer as posibilidades que este ten.

Actividades:

- Facer dende a biblioteca una presentación que se achegará ós/ás titores/as ás aulas para presentar o proxecto.
- Presentar ao propio Peraliño coma transmisor das mensaxes dende a biblioteca e potencial personaxe dun cómic.
- Decoración das portas das aulas, nas que figurarán personaxes ou obxectos propios do mundo do comic, convertindo así a escola nun precioso escaparate.

2º Bloque (2º trimestre). Coñecer o cómic.

Obxectivos:

- Elaborar unha ficha de rexistro na que poidamos recoller as ideas previas do noso alumnado.
- Investigar sobre os distintos tipos de comics e personaxes ao longo da historia.
- Concienciar do papel da muller no mundo do comic.

Actividades:

- Realizar a nivel de aula un listado de comics xa coñecidos por eles/as para poder así enriquecer o proxecto e partir dos seus propios intereses.
- Elaborar diferentes comics con formatos distintos seguindo as pautas que nos de Peraliño.
- Recompilar comics nos que as mulleres teñan o protagonismo ou xoguen un papel de importancia. Tamén elaboraremos algún comic pola nosa parte con esta temática. "As mulleres no cómic".

3ºBloque (3º trimestre). Producto social

Obxectivos:

- Deseñar una presentación ao final de curso para as familias.

Actividades:

- Organizar unha presentación onde todo o alumnado estea involucrado e onde poidamos mostrar o resultado do traballo desenvolvido durante o curso.

Ao longo do curso o equipo da biblioteca facilitará aos distintos grupos os libros e contos relacionados co CÓMIC.

DINAMIZACIÓN DAS TICS

Iniciamos no curso 11 – 12 o gran salto no noso centro sobre a implantación das TIC coa nosa incorporación ao Proxecto Abalar nas aulas de 5º de Primaria. Dende aquela continuamos o noso camiño de introdución das novas tecnoloxías con:

- Aulas abalar en 5º e 6º de Primaria (curso 12-13)
- Proxecto experimental de libros dixitais E-DIXGAL en 5º de Primaria (curso 14-15)
- Ampliación do uso dos libros Dixitais a 6º de Primaria (Curso 16-17)
- Dotación nas aulas de infantil de ordenadores, proxectores e pantallas.

Os obxectivos fixados para o presente curso son:

- Fomentar o uso das TICs en todos os niveis educativos.
- Fomentar a importancia da adquisición da Competencia Dixital en todos os niveis educativos.
- Ir completando paulatinamente a dotación TIC das aulas

- Promover a formación nas TICs do profesorado.
- Continuar co proxecto DIXGAL de uso dos libros dixitais en 5º e 6º de Primaria.
- Utilización da aula virtual do centro. Actualización da formación do profesorado no seu uso.
- Utilización da aplicación abalarMóbil coma o medio fundamental de comunicación coas familias.
- Implementación do Plan Dixital de centro.

DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA

	OBXECTIVOS	**ACTIVIDADES**
COIDAMOS O ENTORNO	-Manter o noso espazo no colexio e no patio limpo e confortable -Diminuír o nivel de ruído nas saídas e entradas -Camiñar despacio polos corredores e escaleiras evitando as carreiras	-Responsables somos todos -Información ás familias. -Respectar distintivos do chan para a circulación no centro.
COIDAMOS DE NÓS MESMOS	-Desenvolver hábitos saudables: alimenticios, hixiénicos e de prevención de riscos -Favorecer a ventilación -Fomentar a autonomía dos alumnos/as nas filas, de xeito que accedan ao colexio prescindido dos acompañantes -Respectar as quendas -Manter un volume de voz o máis baixo posible	-"Xoves froita", "venres bocadillo". Autoprotección nas posibles situacións perigosas -Prevención de riscos: desaloxo do centro -Protocolo para as aulas con alumnado alérxico ou intolerante a algún alimento -Traballo co alumnado sobre os diferentes aspectos da súa autonomía persoal: mochilas, máscaras, puntualidade, entradas...
COIDAMOS DAS NOSAS RELACIÓNS	-Respectar as normas establecidas para as visitas ao lavabo -Lavar con frecuencia as mans. - Usar o hidroxel.	-Aprende a resolver os teus propios problemas -Concienciación sobre a importancia da autoprotección ante a Covid-19.

	- Usar a máscara segundo o protocolo vixente (autobuses)	- Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos.

- **"XOVES FROITA, VENRES BOCADILLO":** continuamos con este programa de alimentación saudable.

- **PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA E MELLORA DA SEGURIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS E NOS SEUS CONTORNOS:** Como en cursos anteriores, o centro vai participar no "Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos".

  Este Plan ofrece aos centros educativos a posibilidade de solicitar charlas informativas/formativas impartidas por expertos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado sobre diferentes temáticas que favorezan a mellora da convivencia e o achegamento destes profesionais aos cidadáns ao mesmo tempo que facilita actuacións moi en consonancia coa Acción Titorial e as propostas do Plan de Convivencia desenvolvidas nos centros. As actuacións que vai solicitar o noso centro están relacionadas cos riscos derivados da utilización das novas tecnoloxías.

Periodicidade xeral das reunións

ÓRGANOS	REUNIÓNS
Equipo directivo	- Coordinación de todo o equipo directivo: - Semanalmente - Martes de 13:10 – 14:00
Consello escolar	- Polo menos unha sesión ordinaria trimestral
Claustro	- Polo menos unha sesión ordinaria trimestral
Equipo de ciclo	- Mensualmente: 1º Martes 17:00 – 18:00
CCP	- Trimestralmente: 1º Martes 17:00 – 18:00 - Sesión extraordinaria ao comezo e final de curso
Departamento de Orientación	- Mensualmente: Martes 17:00 – 18:00
Equipo dinamización da Lingua Galega (EDLG)	- Quincenalmente: Martes 17:00 – 18:00
Equipo de act. complem. e extraescolares	- Trimestralmente: Martes 17:00 – 18:00 - Sesión extraordinaria ao comezo e final de curso
Dinamizacións	- Quincenalmente: Martes 17:00 – 18:00

3.2 HORARIOS

3.2.1. XORNADA ESCOLAR

O centro ten xornada continua de mañá. O horario de actividades docentes é de 9:00 a 14:00 h. Debido a que durante os cursos anteriores as entradas do alumnado resultaron mellor organizativamente, acórdase que as portas do centro se abran ás 8:50 e que poidan ir entrando ás aulas a medida que chegan, sen necesidade de formar filas na entrada.

A xornada dividirase en:

- 5 sesións lectivas de 50 min.
- 1 recreo:
  - de 10:50 – 11:20: E. Infantil
  - de 11:30 a 11:55: E. Primaria.
- 1 sesión de Hora de ler :
  - de 11:55 a 12:20: E. Primaria

Solicítanse como **días non lectivos** o día 9 de decembro de 2022 e 2 de maio de 2023.

3.2.2. CRITERIOS PEDAGÓXICOS DE ELABORACIÓN DE HORARIOS

Os horarios constan de 25 horas lectivas semanais, incluídos os períodos destinados a recreos e elaboráronse tendo en conta os seguintes criterios:

- O apoio ás aulas de 4º de infantil.
- Ter en conta a atención colectiva e individualizada de todos os alumnos do centro.
- Aproveitamento máximo dos recursos humanos e das instalacións.
- A adaptación do horario á dispoñibilidade das instalacións do centro.
- A compatibilidade dos horarios de Educación Infantil e Educación Primaria.
- A organización das distintas quendas de recreos
- A conveniencia de que o alumnado teña a primeira e a última hora da mañá co seu profesor/a titor/a se é posible.
- A distribución das áreas que requiran máis esforzo intelectual nas primeiras horas da mañá.
- O agrupamento e reforzo do alumnado con NEE.
- O reparto de gardas e substitucións.
- Continuidade no horario da impartición das materias por parte do titor sobre todo en E. Infantil e 1 e 2º de Primaria, sendo tamén convinte en 3º e 4º.

Especificamente en Educación Infantil:

- No segundo ciclo de E. Infantil, dado o seu carácter globalizador e integrador do modelo curricular, o horario de cada aula contempla de forma flexible a sucesión de actividades que se realizan nela nos distintos días da semana. Estas sesións veñen especificadas no horario como "Globalizado".
  Ademais, nestes horarios de infantil, contempláronse unha sesión de Psicomotricidade e dúas sesións de ½ h aprox. de inglés.

- Tal como establece a *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil o* tempo de recreo será de trinta minutos. No noso centro queda fixado de 10:50 a 11:20. Ademais deste recreo queda a criterio de cada unha das aulas de Infantil a realización dun tempo de lecer de 13:10 – 13:40 con actividades de xogos dirixidos.

3.2.3. HORARIOS DE CURSOS

Axúntanse no anexo (páx 34)

3.2.4. QUENDAS DE RECREOS

Axúntanse no anexo (páx. 36)

3.2.5. HORARIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

- **Entrevistas e reunións coas familias**

  Tal como establece a orde do 22 de xullo de 1997, co fin de facilitar a relación do profesor/a titor/a fixarase na PXA unha hora de reunión semanal para atención aos pais. Aínda que está fixada esa hora os martes de 16 a 17 h, poderá adaptarse á situación. Os pais deberán solicitar as entrevistas mediante a aplicación abalarMóbil. Os país tamén poderán solicitar entrevistas co profesorado do mesmo xeito que para o profesorado titor, aínda que é convinte que previamente falen co profesor/a titor/a.

- **Entrevistas co Equipo directivo e Xefa do Departamento de Orientación**

  Estas entrevistas serán solicitadas vía telefónica.

- **Horarios das oficinas de secretaría**

  Todos os días de 9:30 h a 10:30 e de 12:30 a 13:30 h.

3.2 ESTATÍSTICA DE PRINCIPIO DE CURSO

TOTAL ALUMNADO E GRUPOS

ALUMNOS/AS

Grupo	Educación infantil			Educación primaria					
	3 anos	4 anos	5 anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
A	15	25	21	14	21	22	24	25	25
B	14	-	20	13	22	22	24	25	24
Total alumnos/as	**29**	**25**	**41**	**27**	**43**	**44**	**48**	**50**	**49**
	95			**261**					
	356								

GRUPOS

	Educación infantil			Educación primaria					
	3 anos	4 anos	5 anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Total grupos	2	1	2	2	2	2	2	2	2
	5			**12**					
	17								

COMPOSICIÓN DE UNIDADES DO CENTRO

	Catalogadas **	En funcionamento	Diferenza
Educación infantil	5	5	**0**
Educación primaria	12	12	**0**

TOTAL DO ALUMNADO: 356

3.3 INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO: SITUACIÓN E UTILIZACIÓN

3.3.1 INSTALACIÓNS DO CENTRO

O centro, situado no barrio de Esteiro, consta de:

a. Un **edificio para Educación Primaria**, con entrada dianteira, traseira e lateral, que conta con:

PLANTA BAIXA	PLANTA ALTA
- 5 Aulas - 1 aula de AL - 1 aula de música - 1 aula de relixión - Despacho de dirección - Despacho de secretaría - Despacho de xefatura de estudos - Administración - Sala de reprografía - Conserxería - Aula de usos múltiples - Aula de psicomotricidade - Sala de limpeza - Oficina da ANPA - Comedor - Aseos alumnado e profesorado	- 8 aulas - 2 aulas de PT - 1 aula de AL - Despacho Orientación - Sala de profesores - Sala da radio - Biblioteca - 2 aulas de inglés - Aseos do alumnado - Aseos do profesorado

b. **Outro para Educación Infantil**, que conta con:

- 6 aulas (con aseos) - 1 sala de reunións	- 2 aseos de alumnado - 1 servicio de profesorado	- 1 sala de conserxería - 1 sala de reprografía

c. **Pavillón polideportivo**

d. O **patio de recreo** conta con pequenas zonas axardinadas.

- Todo isto, engadido á falta de patio cuberto, provoca que un día de choiva a maioría do alumnado teña que estar no tempo de recreo na súa aula.

3.3.2 Equipamento do centro

Poderíamos dicir que o equipamento do centro é aceptable. Solicitarase, como cada ano, diverso material de equipamento á Consellería.

- Equipamento TIC:
    - Nos últimos anos a subministración TIC por parte da Consellería foi moi limitada, centrándose principalmente nas aulas DIXGAL, tendo que saír do orzamento do centro o resto de adquisicións. A dotación de ordenadores por parte da Consellería é moi limitada, case nula.

- Na actualidade todas as aulas teñen ordenador, canón e pantalla. O noso obxectivo é a dotación de pizarras dixitais nas aulas que non teñan, aínda que moitos dos ordenadores xa requiren a súa reposición.

3.4 LIBROS DE TEXTO E OUTROS MATERIAIS CURRICULARES

4º DE EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS)

	EDITORIAL	ISBN
Relixión Católica 3 anos	ANAYA	978-84-678-1591-7

5º DE EDUCACIÓN INFANTIL (4 ANOS)

	EDITORIAL	ISBN
Religión Católica 4 anos	ANAYA	978-84-678-1592-4

6º DE EDUCACIÓN INFANTIL (5 ANOS)

	EDITORIAL	ISBN
Religión católica 5 anos	ANAYA	978-84-678-1593-1

1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Área	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN
Lengua Castellana y Literatura	Lengua + 1 Tareas y destrezas comunicativas. Serie PRÁCTICA. (Año edición 2022). Editorial Santillana.	ISBN 978-84-680-7719-2
Matemáticas	Mate + 1 Matemáticas para pensar. Serie PRÁCTICA. (Año edición 2022). Editorial Santillana.	ISBN 978-84-680-7894-6
Lingua Galega e Literatura	Lequelé 1 Primaria. Tarefas de comprensión lectora. (Ano edición 2019). Editorial Santillana (Obradoiro).	ISBN 978-84-9185-196-7
Relixión	Religión Católica 1. Editorial Anaya (Ven y verás).	978-84-698-9718-8

2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Área	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN
Lengua Castellana y Literatura	Lengua + 2 Tareas y destrezas comunicativas. Serie PRÁCTICA. (Año edición 2021). Editorial Santillana.	ISBN 978-84-680-6749-0
Matemáticas	Mate + 2 Matemáticas para pensar. Serie PRÁCTICA (Año edición 2020). Editorial Santillana.	ISBN 978-84-680-5842-9
Lingua Galega e Literatura	Lequelé 2 Primaria. Tarefas de comprensión lectora. (Ano edición 2020). Editorial Santillana (Obradoiro).	ISBN 978-84-9185-195-0
Relixión	Religión Católica 2- Editorial Anaya	978-84-678-7606-2

3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA	LIBROS	EDITORIAL	ISBN
Ciencias da Natureza	Ciencias da Natureza. Fanfest.	EDELVIVES	978-84-490-46420-5
Ciencias Sociais	Ciencia Sociais. Fanfest	EDELVIVES	978-84-904-6523-3
Lengua Castellana y Literatura	Lengua +. Tareas y destrezas comunicativas. Serie Participa.	SANTILLANA	978-84-680-8291-2
Lingua Galega e Literatura	Lingua +. Tarefas e destrezas comunicativas	SANTILLANA OBRADOIRO	978-84-9185-545-3

Matemáticas	Mate+. Matemáticas para pensar. Serie Participa.	SANTILLANA	978-84-680-7670-6
Relixión	Religión Católica 3.	ANAYA	978-84-143-0174-6

4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA	LIBROS	ISBN	EDITORIAL
Ciencias da natureza	Ciencias da natureza-4 "Aprender é crecer"	978-84-678-8017-5	ANAYA
Ciencias Sociais	Ciencias Sociais-4 "Aprender é crecer"	978-84-678-8021-2	ANAYA
Lengua castellana	Lengua castellana-4 (tres trimestres) "Aprender es crecer"	978-84-698-0650-0	ANAYA
Lingua galega	Caderno Lingua galega 4 "Aprender é crecer"	978-84-678-8014-4	ANAYA
Matemáticas	Matemáticas-4(tres trimestres) "Aprender a crecer"	978-84-678-7781-6	ANAYA
Inglés	Great Explorers-4 Class Book Pack	978-0-19-450768-4	OXFORD
	Great Explorers- 4 Activity Book	978-0-19-450760-8	

5º e 6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Proxecto DIXGAL: NON HABERÁ LIBROS DE TEXTO IMPRESOS. UTILIZAREMOS LIBROS DE TEXTO DIXITAIS

Ademais das anteriores listas de libros de textos, en cada nivel fixáronse unha serie de materiais funxibles complementarios e pedíronse algúns libros de lectura ou quedaron por decidir durante o curso académico.

4. ACTIVIDADES DO CENTRO

PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

4.1.Actividades complementarias e extraescolares realizadas no propio centro

a. De organización interna

Act. Complementaria	Organiza	Data
Día da Biblioteca	Dinam. Biblioteca	Outubro
Magosto/ Samain	Din.Lingua Galega	Out / Nov
Nadal	Dep. Extraescolares	Decembro
Día da Paz	Dep. Orientación	Xaneiro
Entroido	Din.Lingua Galega	Febreiro
Día de Rosalía	Dim.Bibliot./Din.Lª Gal	Febreiro
Día do Libro	Dinam. Biblioteca	Abril
Os Maios/ Letras Galegas	Din.Lingua Galega	Maio

Destas actividades, pode darse o caso de que se programen como **unha xornada de actividade complementaria** se a situación da pandemia da Covid-19 nolo permite, coas seguintes actividades ou outras que se poidan considerar axeitadas:

ACTIVIDADES A REALIZAR
Carreira contra a leucemia (28 de outubro)
Nadal 22 de decembro • Recibimento do alumnado aos Reis Magos. • Entrega de cartas. • Panxoliñas dos Reis Magos. • Degustación de produtos típicos do Nadal en cada unha das aulas.
Entroido 17 de febreiro • Disfraces do alumnado. • Posibilidade de facer un desfile fóra do centro, dependendo do tempo e da situación da pandemia. • Degustación de produtos típicos do Entroido na aula.
Fin de curso/Xornada de convivencia • Levarase a cabo unha xornada especial co alumnado: festa de despedida. • Valorarase a posibilidade dunha xornada de convivencia entre todos os membros da comunidade educativa.

Ademais das anteriores actividades complementarias, realizaranse as **conmemoracións** estipuladas no calendario escolar (DOG 02/06/22) encargándose a Biblioteca de proporcionar a información para posteriormente ser traballadas polo profesorado titor en cada unha das aulas.

b. <u>Propostas polo Concello:</u>

- **Iniciación ao xadrez**
  Como continuación da experiencia iniciada en cursos anteriores, terán 1 sesión semanal de ½ hora de Iniciación ao xadrez o alumnado de 6º de E. Infantil, 1º e 2º e 3º de Primaria. Esta actividade, que está subvencionada polo Concello de Ferrol, desenvolverase os xoves en horario lectivo e será levada a cabo por monitores do Circulo Ferrolán de Xadrez.

c. <u>Actividades extraescolares</u>

Subvencionadas polo Concello

No centro lévanse a cabo, en horario de 16:00 a 17:30 un programa municipal de Actividades Extraescolares subvencionadas polo Concello.

Non subvencionadas polo Concello:

Son as actividades ofertadas pola ANPA. Horario de: 14 a 14:30 e de 16 a 17:30 h.

As actividades e horarios son as seguintes:

	ACTIVIDADE	DÍA	ALUMNADO	HORA	PRECIO
ACTIVIDADES GRATUÍTAS SUBVENCIONADAS POLO CONCELLO	CONTACONTOS	XOVES	INFANTIL	16 a 17:30 h	GRATUÍTAS
	LUDOTECA	MARTES	INFANTIL		
	ROBÓTICA	MARTES	INFANTIL e 1º, 2º, 3º e 4º de PRIMARIA		
	BAILE MODERNO	De LUNS a XOVES	INFANTIL e PRIMARIA		
	PATINAXE	MARTES, MÉRCORES e XOVES	INFANTIL e PRIMARIA		
	DEBUXO E PINTURA	MARTES, MÉRCORES e XOVES	INFANTIL e PRIMARIA		
	XOGOS COOPERATIVOS E POPULARES	MÉRCORES	De 1º a 4º de PRIMARIA		
	XIMNASIA RÍTM.	LUNS	PRIMARIA		
	RISOTERAPIA	MÉRCORES	PRIMARIA		
	CONVERSACIÓN E DEBATE	XOVES	5º e 6º de PRIMARIA		
ACTIVIDADES NON SUBVENCIONADAS POLO CONCELLO, OFERTADAS POLA ANPA	**ACTIVIDADE**	**DÍA**	**ALUMNADO**	**HORA**	**PRECIOS ***
	PLAY ROOM	LUNS a VENRES	INFANTIL e PRIMARIA	14 a 14:30h	-Días soltos: 2 € -Semana completa: 10 € -Mes completo: 25 €
	TENIS	MÉRCORES	2º a 6º de PRIMARIA	16 a 17:30 h	-1 día: 20 € mes - 2 días: 30 € mes

Continuamos coa actividade “Play Room” de 14:00 a 14:30, programado para conciliar a vida familiar. Esta actividade será xestionada a través da ANPA e levado a cabo por un monitor/a cualificado/a.

Hai que mencionar que **pode haber modificacións** en canto ás actividades gratuítas subvencionadas polo Concello, tanto nas actividades coma nos niveis onde se imparten.

4.2. Saídas e excursións

Ademais das saídas especificadas a continuación, realizaranse as que se consideren axeitadas para a formación do alumnado, tentando favorecer as organizadas polo Concello de Ferrol ou Narón ou entidades do entorno próximo (Exposicións, Cine Ensino, Teatro Jofre, actividades propostas dende a Equipa de Dinamización da Lingua Galega) así como aquelas que poidan xurdir nos diferentes niveis e que estean relacionadas coas temáticas, actividades, experiencias ou proxectos.

Curso	Saída / Excursión
E. Infantil	• Saída a un supermercado da cidade. • Visita ao Museo de Historia Natural. Ferrol. • Fin de curso: Corax Fauna
1º e 2º de Primaria	• Casa das Ciencias e Planetario. • Castelo de San Felipe. • Fin de curso: Poboa Aventura. Turismo da Natureza. Curtis. Freixeiro.
3º e 4º de Primaria	• Visita MUNCYT. • Casa das Ciencias e Planetario. • Visita ao Castelo de San Felipe (en lancha). • Ärea recreativa do Pedroso.
5º Primaria	• Saída de convivencia e búsqueda do tesouro en A Cabana (Ferrol) • Obradoiro D'tec: "Materiais innovadores" e "Somos deseñadores/as …espaciais" • Etapa do Camiño de Santiago. • Fin de curso: Parque acuático de Cerceda.
6º Primaria	• Saída de convivencia e búsqueda do tesouro en A Cabana (Ferrol) • Obradoiro D'tec: "Materiais innovadores" e "Somos deseñadores/as …espaciais" • Visita guiada polo Ferrol da Ilustración. • Etapa do Camiño de Santiago. • Fin de curso: Albergue del Pas. Cantabria. (Excursión de varios días).

Ademais das saídas especificadas anteriormente, realizaranse outras que poidan xurdir ao longo do curso en base ao proxecto de centro "O cómic".

Tamén se estudarán as ofertas culturais propostas ao centro tendo en conta a situación sociosanitaria e os protocolos COVID, sobre todo dentro da nosa contorna.

5. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

5.1 COMEDOR - ALMORZO

O comedor do centro ofrece servizo de almorzo e xantar. A xestión do servizo de comedor é de competencia municipal e corre a cargo dunha empresa de comidas preparadas concesionaria do servizo: Serunión. Para apuntar a un alumno/a ao comedor debe xestionarse a través da aplicación de Cole Chef.

Os servizos do comedor están subvencionados en parte pola Consellería e o Concello. A outra parte é aportado, ben polos usuarios, ou ben polo departamento de Servizos Sociais da Consellería de Benestar no caso de alumnado bolseiro. O pago efectuarase mediante domiciliación bancaria podendo recoller o impreso no mesmo comedor ou na secretaría do centro

O horario do servizo de almorzo é de 7:30 a 9:00 h, non permitindo a entrada a este servizo despois das 8:30 h. Na actualidade, o prezo do almorzo é de1,84 € persoa/día.

O importe do servizo de xantar está fixado en 3,59 € por comensal e día. O alumnado pode desfrutar do servizo do comedor todos os días, en días fixos á semana ou en días esporádicos. Poderase facer uso deste servizo con posterioridade ás 48 horas de solicitalo a través da aplicación de Cole Chef. O horario do servizo de xantar é de 14:00 a 16:00.

1. O horario de recollida do servizo de comedor será ás 16:00 h establecendo outra quenda ás 15:30 h . Fóra deses horarios non será posible a recollida do alumnado salvo puntualmente un determinado día por unha causa xustificada.
2. O alumnado de cada unha das quendas debe ser coñecido previamente polas coidadoras e ese horario de saída debe ser respectado polas familias.
3. En horario de comedor, as familias non accederán ao interior do centro, senón que o alumnado será conducido ata a entrada polas coidadoras. Unha vez recollido o alumnado, as familias deberán abandonar o recinto escolar.
4. Sempre que veña recoller ao alumnado do comedor alguén diferente aos seus pais ou titores ten que ser informada previamente a persoa encargada do comedor cubrindo previamente a autorización de recollida.
5. Os usuarios do servizo de comedor deberán traer un cepillo de dentes para realizar a hixiene bucal.

Todo alumno/a que teña algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria deberá ser documentada presentando un **informe médico** (se non o presentou anteriormente) e lle será subministrado un menú especial adaptado.

6. PROGRAMAS E FORMACIÓN

FORMACIÓN DO PROFESORADO

A principal formación do profesorado neste curso seguirá sendo a formación TIC. Continuarase co PFPP aprobado no curso pasado. Este ano constará coas seguintes liñas de formación e traballo:

- Programación de Robótica. Uso didáctico da pizarra dixital.
- Actualización dos documentos do centro, Seguimento do Plan dixital.

Ademais desta formación, o profesorado do centro realiza diversa formación dependente do CFR de Ferrol e do CAFI principalmente.

7. PLANS E PROXECTOS

7.1 PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA

ADDENDAS AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Segue vixente o Proxecto lingüístico do centro coas seguintes ADDENDAS:

1. Os resultados da pregunta aos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado de 4º de E. Infantil, para obter información con respecto da lingua materna predominante, foron os seguintes
    - Castelá: 24
    - Galego: 4
    - Galego e castelá : 0
    - Outros: 1
2. Dos resultados anteriores establécese como lingua predominante do alumnado de 4º de Infantil o castelán polo que, tal como establece o Decreto de Plurilingüismo, *o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado (*no noso caso, o castelán*), ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.*
3. Impartiranse en lingua galega as materias de: Lingua galega, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Educación Física, Plástica en 2º de E. Primaria e Música en 4º e 6º de Educación Primaria.
4. Despois dunha reflexión sobre o uso do galego e a súa normalización consideramos a ter en conta os seguintes obxectivos:
    - Fomentar o uso do galego, a nivel profesorado, en todos os actos académicos: Claustros, Consello Escolar, Celebracións,…
    - Aumentar a competencia do alumnado no uso do galego de forma habitual.
    - Adquirir de forma oral e escrita a competencia lingüística propia en cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia.

Como proxecto específico de potenciación da lingua galega está a nosa **REVISTA ESCOLAR "Mareiriña"** .

7.2 PLAN DE EVACUACIÓN DO CENTRO

Poñeremos en práctica o plan de evacuación do centro, engadindo, se procede, as características particulares do Plan de adaptación ao COVID-19.

7.3 PLAN DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

O centro pertence ao PLAMBE (Plan de Bibliotecas Escolares) dende o curso 2007- 2008. Este curso o noso proxecto é "O cómic".

7.4 PLANS DE DINAMIZACIÓN TIC:

- **Proxecto Abalar** dende o curso 2011 – 2012.
- O centro está a participar no Proxecto experimental de utilización de libros dixitais **E_DIXGAL** dende o curso 14-15 en 5º de Primaria, e no curso 15-16 ampliouse a 6º de Primaria. Neste curso continuaremos coa utilización dos libros dixitais.
- Elaboración do Plan Dixital do centro.

7.5 PLANS DE DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA:

- Dende as titorías fomentarase o desenvolvemento das habilidades sociais entre o alumnado, a través do traballo diario e de actividades específicas.

7.6 PROGRAMA DE SECCIÓNS BILINGÜES

O programa de seccións bilingües levarase a cabo no presente curso, 22-23, en 1º e 2º de Educación Primaria a través da área Educación Artística, Educación Musical.

Os **integrantes** do equipo son:

a) Profesora de Educación Musical en Inglés: Mª Emma Sela Pérez, mestra especialista en Educación Musical con experiencia previa en seccións bilingües en 2 centros educativos.

b) Coordinadora: María Sánchez Sánchez especialista en Lingua Estranxeira e Xefa de Estudos do centro.

c) Auxiliar de conversa: Regina Bonfiglio, potenciando a linguaxe oral nas materias de Educación Musical e na Lingua Estranxeira, Inglés.

Obxectivos:

- Desenvolver a competencia comunicativa do alumnado na lingua estranxeira, así como a comprensión e empatía coa cultura que representa.
- Fomentar a curiosidade do alumnado cara ao novo idioma a través de actividades que potencien a capacidade creativa e expresiva.

- Proporcionar ao alumnado as ferramentas necesarias para a súa integración na sociedade globalizada e multicultural presente.

7.7. ERASMUS

Solicitouse a participación por parte do profesorado en dous KA-1.

7.8. ACTIVIDADES A DESENVOLVER DO PLAN DE IGUALDADE

A continuación propóñense algunhas actividades para traballar a igualdade, ao longo deste curso 22/23, nas diferentes áreas curriculares (na etapa de primaria) e atendendo ao principio de globalización (na etapa de educación infantil).

A realización de dinámicas coeducativas e de fomento da igualdade non debe ser unha actividade puntual senón formar parte dunha rutina diaria. Calquera actividade diaria ou xogo pode constituir o escenario perfecto para practicar e reflexionar sobre a igualdade.

- ACTIVIDADES PARA TRABALLAR OS **ROLES DE XÉNERO**

➢ **EDUCACIÓN INFANTIL**

ÉRASE UNHA VEZ UN CONTO AO REVÉS
- Obxectivos:
  - Facilitar modelos masculinos e femininos sen estereotipos de xénero.
  - Favorecer a análise crítica.

E TI QUE SABES FACER?
- Obxectivos:
  - Facilitar a comprensión dos roles de xénero.
  - Favorecer a comprensión da diferencia entre sexo e xénero.

ELEXIMOS OS NOSOS XOGUETES
- Obxectivos:
  - Facilitar a comprensión dos roles de xénero.
  - Favorecer a análise crítica.

CÓNTAME UN CONTO
- Obxectivos:
  - Facilitar modelos masculinos e femininos sen estereotipos de xénero.
  - Favorecer a reflexión sobre un/unha mesmo/a.
  - Facilitar o desenvolvemento dunha adecuada autoestima.

➢ **EDUCACIÓN PRIMARIA**

¿QUEN É QUEN?
- Obxectivos:
  - Facilitar a comprensión dos roles de xénero.
  - Favorecer a análise clínica da asignación de roles de xénero.
  - Favorecer a comprensión da diferencia entre sexo e xénero.

- **MOI MARÍA (conto)**
  - Obxectivos:
  - Facilitar modelos masculinos e femeninos sen estereotipos de xénero.
  - Favorecer a reflexión sobre un/unha mesmo/a.
  - Facilitar o desenvolvemento dunha adecuada autoestima.
  - Favorecer a análise crítica.
- **O LAGO DOS CISNES**
  - Obxectivos:
  - Facilitar outros modelos masculinos e femininos máis flexibles.
  - Favorecer a reflexión acerca dun mesmo/a.
  - Favorecer o traballo cooperativo.

- ACTIVIDADES PARA TRABALLAR A **APORTACIÓN DAS MULLERES Á HISTORIA**

  - **EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA**

- **E AS MULLERES DO MEU POBO QUE?**
  - Obxectivos:
  - Ampliar o coñecemento sobre a historia do municipio.
  - Coñecer a vida das mulleres como protagonistas da historia do municipio.
  - Facilitar o achegamento interxeracional.
  - Visibilizar as discriminacións sufridas polas mulleres partindo do tempo persoal, familiar e cercano aos nenos e nenas.
- **RECATAMOS DO ESQUECEMENTO**
  - Obxectivos:
  - Visibilizar as aportacións das mulleres na área das Matemáticas e da Historia.
  - Favorecer a visibilización dos modelos femininos de referencia na área das Matemáticas e da Historia.
  - Proveer ao alumnado de representacións visuais de modelos femininos positivos.
  - Fomentar o traballo cooperativo.
  - Favorecer a análise crítica.
  - Fomentar o uso das novas tecnoloxías.

- ACTIVIDADES PARA TRABALLAR A CONCILIACIÓN **FAMILIAR E LABORAL**
  - **EDUCACIÓN INFANTIL**

- **MAMÁ TEN DOBRE XORNADA**
  - Obxectivos:
  - Reflexionar sobre o reparto de tarefas domésticas.
  - Promover o cambio de actitudes en nenos e nenas no referido ao reparto de tarefas e á adquisición de compromisos e responsabilidades no ámbito familiar.

- **CALENDARIO DE LA CORRESPONSABILIDAD**
  - Obxectivos:
  - Reflexionar sobre o reparto de tarefas domésticas.
  - Promover o cambio de actitudes en nenos e nenas no referido ao reparto de tarefas e á adquisición de compromisos e responsabilidades no ámbito familiar.

➢ **EDUCACIÓN PRIMARIA**

- **O REPARTO DE TAREFAS DOMÉSTICAS**
  - Obxectivos:
  - Favorecer o coñecemento da diversidade de funcións que compoñen o traballo doméstico.
  - Reflexionar sobre o reparto de tarefas domésticas.
  - Promover o cambio de actitudes en nenos e nenas no referido ao reparto de tarefas e á adquisición de compromisos e responsabilidades no ámbito familiar.
- **CANTO COSTA?**
  - Obxectivos:
  - Visibilizar e valorar o traballo doméstico.
  - Reflexionar co alumnado sobre a importancia das labores tradicionalmente asignadas ás mulleres.

- ACTIVIDADES PARA TRABALLAR A **PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

➢ **EDUCACIÓN INFANTIL**

- **ARTURO E CLEMENTINA**
  - Obxectivos:
  - Favorecer as relacións igualitarias.
  - Posibilitar a prevención da violencia de xénero.

➢ **EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA**

- **OS INSULTOS**
  - Obxectivos:
  - Favorecer o recoñecemento de actitudes agresivas.
  - Facilitar o coñecemento do dereito que toda persoa ten a non ser víctima de abuso.
  - Favorecer a autoestima.
  - Facilitar o coñecemento das diferenzas entre un insulto e un eloxio ou aprezo.

- **AS EMOCIÓNS**
  - Obxectivos:
  - Fomentar o coñecemento dun vocabulario relacionado coas emocións.
  - Aprender a recoñecer e identificar as distintas emocións.
  - Favorecer o desenvolvemento dunha adecuada autoestima.

- **A BOTELLA TOLA**
  - Obxectivos:
  - Potenciar a confianza en cada neno/a así coma no grupo.
  - Analizar as sensacións de medo.
  - Proporcionar actitudes de coidade e seguridade.

- **RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**
  - Obxectivos:
  - Normalizar o conflicto como parte natural das relacións.
  - Favorecer estratexias para a resolución de conflictos.
  - Facilitar a expresión das emocións de ira e enfado dun xeito non violento.
  - Favorecer a cooperación.

8. RELACIÓNS DO CENTRO COAS FAMILIAS E COA COMUNIDADE

A participación das familias na vida do centro é desigual. Tratarase de facilitar ás familias a información necesaria que permita unha mellor participación no centro e o establecemento de vías que permitan levar adiante propostas conxuntas; para tal fin o centro dispón dun buzón de suxestións.

Somos conscientes de que a participación no centro é un criterio de calidade e que o establecemento dunha boa comunicación mellora as relacións e a convivencia.
As liñas de actuación serán:

- Traballo do equipo directivo coa ANPA.
- Traballo das titorías coas familias.
- Apertura do centro ás familias nalgunhas celebracións nas que sexa posible.
- Coordinación dende o consello escolar.
- Participación nas diferentes comisións do consello escolar.

9. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO – PROPOSTAS DE MELLORA

9.1 AVALIACIÓN EXTERNA:

Levaranse a cabo as avaliacións de diagnóstico indicadas pola Consellería de Educación.

9.2. AVALIACIÓN INTERNA

Do seguimento e revisión dos seguintes documentos e proxectos pódense adoptar decisións de mellora do funcionamento do centro.

9.2.1 De ser necesario: O plan COVID e Plan de Continxencia: Estes documentos estarán todo o curso en continua revisión e actualización.

9.2.2 Avaliación dos Documentos de Planificación Docente:

- PXA
- PAT
- Plan de Convivencia
- Proxecto Lingüístico
- Proxecto Lector

9.2.3 Avaliación dos proxectos:

- PLAMBE
- Proxecto ABALAR
- Proxecto E- DIXGAL
- Seccións bilingües

9.2.4 Avaliación do rendemento escolar do alumnado:

Os resultados da avaliación individual do alumnado servirán como referencia para a adopción de medidas correctoras da actividade docente.

- Informes de avaliación trimestral e final
  Quedan fixadas as seguintes ***datas de avaliación***:
  - *1ª Avaliación: 22 decembro*
  - *2ª Avaliación: 31 de marzo*
  - *3ª Avaliación e Final*: 21 *xuño*
- Resultado dos Plans de reforzo e Adaptacións curriculares

PROPOSTAS DE MELLORA

- Continuaranse coas medidas de reforzo educativo e atención á diversidade do alumnado con NEAE. Especialmente despois das sesións de avaliación trimestrais realizarase, en caso de ser necesario, unha actualización dos horarios da atención do alumnado con NEAE.
- Continuarase co Programa **PROA+**. Mediante este programa apoiarase ao alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria para lograr un mellor rendemento académico.
- As propostas de mellora do centro estarán todo o curso en continua actualización.

10. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN XERAL

A CCP, mensualmente, fará un seguimento das medidas aplicadas para a consecución dos obxectivos propostos na PXA cara a detectar as insuficiencias da mesma e o seu grao de realización.

Trimestralmente, o claustro de profesores valorará o grao de cumprimento dos obxectivos e se farán propostas de mellora.

Asemade poderá ser revisado cando o requira algún dos sectores do Consello Escolar.

Por último a Memoria Anual, ao remate do curso, recollerá os resultados da avaliación final: grao de cumprimentos dos obxectivos, suficiencia e idoneidade das medidas e dos recursos aportados…

APROBACIÓN DA PXA

Dna. Marta López Díaz, directora do CEIP Isaac Peral de Ferrol

CERTIFICA: Que na xuntanza do CLAUSTRO, celebrada o día 18 de outubro foi aprobada a Programación Xeral Anual para o curso escolar 2.022– 2.023.

E para que conste, expido e firmo a presente certificación

En Ferrol, a 18 de outubro de 2022.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE EDUCACION
C.E.I.P. ISAAC PERAL
FERROL

Asdo. Marta López Díaz

Dna. Marta López Díaz, directora do CEIP Isaac Peral de Ferrol

CETIFICA: Que na xuntanza do CONSELLO ESCOLAR do Centro, celebrada o día 18 de outubro foi presentada a Programación Xeral Anual para o curso escolar 2.022– 2.023.

E para que conste, expido e firmo a presente certificación

En Ferrol, a 18 de outubro de 2022.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE EDUCACION
C.E.I.P. ISAAC PERAL
FERROL

Asdo. Marta López Díaz.

ANEXOS

HORARIOS DOS CURSOS

QUENDAS DE RECREOS

HORARIOS

HORARIOS E. INFANTIL

3 ANOS A

Horas	L	M	M	X	V
9- 9:50	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB
9:50 - 10:40	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB
10:40 - 10:50	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB
10:50- 11:20					
11:20 - 12:20	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB
12:20 - 13:10	PSIC	ING	ING	GLOB	REL/AE
13:10 - 14	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB

3 ANOS B

Horas	L	M	M	X	V
9- 9:50	GLOB	GLOB	GLOB	REL/AE	GLOB
9:50 - 10:40	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB
10:40 - 10:50	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB
10:50- 11:20					
11:20 - 12:20	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB
12:20 - 13:10	GLOB	ING	ING	GLOB	PSIC
13:10 - 14	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB

4 ANOS A

Horas	L	M	M	X	V
9- 9:50	REL/AE	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB
9:50 - 10:40	GLOB	GLOB	GLOB	ING	GLOB
10:40 - 10:50	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB
10:50- 11:20					
11:20 - 12:20	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB
12:20 - 13:10	ING	GLOB	PSIC	GLOB	GLOB
13:10 - 14	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB

5 ANOS A

Horas	L	M	M	X	V
9- 9:50	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	ING
9:50 - 10:40	GLOB	PSIC	GLOB	ING	GLOB
10:40 - 10:50	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB
10:50- 11:20					
11:20 - 12:20	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB
12:20 - 13:10	GLOB	GLOB	REL/AE	GLOB	GLOB
13:10 - 14	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB

5 ANOS B

Horas	L	M	M	X	V
9- 9:50	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	ING
9:50 - 10:40	PSIC	GLOB	GLOB	REL/AE	GLOB
10:40 - 10:50	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB
10:50- 11:20					
11:20 - 12:20	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB
12:20 - 13:10	ING	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB
13:10 - 14	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB	GLOB

HORARIOS E. PRIMARIA

1º A — TITORA SUSANA

Horas	L	M	M	X	V
1ª	MAT	MAT	MAT	LG	MAT
2ª	NAT	LC	LC	LC	SOC
3ª	**MÚS**	NAT	LG	MAT	LG
R	E	C	R	E	O
PL					
4ª	LC	**ING**	**EF**	**EF**	**ING**
5ª	LG	**REL/PC**	SOC	NAT	PLÁST

1º B — TITORA ROSARIO

Horas	L	M	M	X	V
1ª	MAT	MAT	**EF**	LG	MAT
2ª	**REL/PC**	LC	LC	**ING**	NAT
3ª	**ING**	SOC	MAT	MAT	**EF**
R	E	C	R	E	O
PL					
4ª	LC	**MÚS**	LG	LC	LG
5ª	NAT	LG	NAT	SOC	PLÁST

2º A — TITORA NIEVES

Horas	L	M	M	X	V
1ª	MAT	LC	MAT	LC	**EF**
2ª	LG	MAT	LG	MAT	MAT
3ª	LC	**MÚS**	**REL/VAL**	**EF**	LC
R	E	C	R	E	O
PL					
4ª	**ING**	NAT	**ING**	LG	SOC
5ª	**REL/VAL**	LG	SOC	NAT	PLÁST

2º B — TITORA RAQUEL

Horas	L	M	M	X	V
1ª	MAT	**REL/VAL**	MAT	LC	MAT
2ª	**ING**	MAT	LG	MAT	**EF**
3ª	LC	LG	**EF**	**ING**	LC
R	E	C	R	E	O
PL					
4ª	SOC	NAT	LC	LG	NAT
5ª	LG	**MÚS**	SOC	**REL/VAL**	PLÁST

3º A — TITORA SANDRA

Horas	L	M	M	X	V
1ª	LC	**MÚS**	MAT	MAT	LC
2ª	NAT	MAT	LG	LG	MAT
3ª	**ING**	LC	**EF**	NAT	SOC
R	E	C	R	E	O
PL					
4ª	LG	LG	LC	**REL/PC**	**ING**
5ª	**EF**	SOC	NAT	**ING**	PLÁST

3º B — TITORA RAQUEL Z.

Horas	L	M	M	X	V
1ª	LC	SOC	MAT	**ING**	LC
2ª	MAT	MAT	**ING**	LC	MAT
3ª	**EF**	LG	LC	LG	NAT
R	E	C	R	E	O
PL					
4ª	LG	PLÁST	NAT	SOC	LG
5ª	NAT	**ING**	**REL/PC**	**EF**	**MÚS**

4º A — TITORA ÁNGELA

Horas	L	M	M	X	V
1ª	MAT	MAT	LC	LG	LC
2ª	**MÚS**	**REL/VAL**	MAT	MAT	**EF**
3ª	LC	**ING**	**ING**	**ING**	LG
R	E	C	R	E	O
PL					
4ª	LG	LC	**EF**	SOC	NAT
5ª	NAT	SOC	LG	L.CONF	PLÁST

4º B — TITORA AMALIA

Horas	L	M	M	X	V
1ª	MAT	MAT	**ING**	NAT	**REL/VAL**
2ª	**ING**	LG	LC	MAT	**ING**
3ª	LC	SOC	SOC	LC	MAT
R	E	C	R	E	O
PL					
4ª	NAT	LC	LG	**MÚS**	LG
5ª	L.CONF	**EF**	**EF**	LG	PLÁST

5º A — TITORA MARIVÍ

Horas	L	M	M	X	V
1ª	**ING**	LC	LG	LC	MAT
2ª	LC	**ING**	LC	**EF**	LG
3ª	MAT	LG	MAT	MAT	NAT
R	E	C	R	E	O
PL					
4ª	LG	**REL/PC**	SOC	**ING**	**EF**
5ª	SOC	NAT	**MÚS**	NAT	PLÁST

5º B — TITORA PILI

Horas	L	M	M	X	V
1ª	LG	**ING**	**REL/PC**	LC	MAT
2ª	LC	**MÚS**	LC	MAT	LG
3ª	MAT	LG	MAT	**EF**	**ING**
R	E	C	R	E	O
PL					
4ª	**EF**	LC	SOC	NAT	NAT
5ª	SOC	NAT	**ING**	LG	PLÁST

6º A — TITORA ANTÍA

Horas	L	M	M	X	V
1ª	**EF**	MAT	MAT	MAT	MAT
2ª	MAT	LG	**ING**	LC	**ING**
3ª	LC	**ING**	SOC	**MÚS**	**REL/VAL**
R	E	C	R	E	O
PL					
4ª	LG	**EF**	LC	LG	SOC
5ª	SOC	NAT	L.CONF	NAT	PLÁST

6º B — TITOR LUIS T.

Horas	L	M	M	X	V
1ª	MAT	NAT	MAT	**EF**	MAT
2ª	LG	**ING**	SOC	NAT	LC
3ª	LC	LG	**ING**	LG	**ING**
R	E	C	R	E	O
PL					
4ª	**REL/VAL**	MAT	LC	MAT	SOC
5ª	SOC	**EF**	L.CONF	**MÚS**	PLÁST

HORARIOS RECREOS E. INFANTIL

	CURSO	PROFESOR/A	ZONAS
LUNS	3 anos A	MANOLI	Zona 1
	3 anos B	ISABEL	Zona 2
	4 anos A	ADELA	Zona 3
	5 anos A	LUIS T.	Zona 4
	5 anos B	NORIT	Zona 5
MARTES	3 anos A	SOFÍA	Zona 1
	3 anos B	ISABEL	Zona 2
	4 anos A	PILAR (OR)	Zona 3
	5 anos A	MARGA	Zona 4
	5 anos B	NORIT	Zona 5
MÉRCORES	3 anos A	SOFÍA	Zona 1
	3 anos B	MANOLI	Zona 2
	4 anos A	ADELA	Zona 3
	5 anos A	EMMA	Zona 4
	5 anos B	LORENA	Zona 5
XOVES	3 anos A	SOFÍA	Zona 1
	3 anos B	NORIT	Zona 2
	4 anos A	ADELA	Zona 3
	5 anos A	MARGA	Zona 4
	5 anos B	LORENA	Zona 5
VENRES	3 anos A	MANOLI	Zona 1
	3 anos B	ISABEL	Zona 2
	4 anos A	EMMA	Zona 3
	5 anos A	MARGA	Zona 4
	5 anos B	LORENA	Zona 5

HORARIOS RECREOS E. PRIMARIA

	PAVILLÓN	LAT. ESQ	PATIO CUB. & LAT. DER	PARTE ATRÁS E.I.	MESES	BIBLIO
LUNS GRUPO 1	LUIS T.	SUSANA & NIEVES	RAQUEL	SANDRA	*SET. – XAN. – MAIO*	ÁNGELA
	NIEVES	LUIS T. & SANDRA	SUSANA	RAQUEL	*OUTUBRO – ABRIL*	
	SANDRA	NIEVES & RAQUEL	LUIS T.	SUSANA	*NOV. – FEBREIRO*	
	RAQUEL	SANDRA & SUSANA	NIEVES	LUIS T.	*DEC. – MAR.*	
	SUSANA	RAQUEL & LUIS T.	SANDRA	NIEVES	*XUÑO*	
MARTES GRUPO 2	LUIS D.	MARÍA & RAÚL	RAQUEL Z.	ROSARIO	*SET. – XAN. – MAIO*	AMALIA
	RAÚL	LUIS D.& ROSARIO	MARÍA	RAQUEL Z.	*OUTUBRO – ABRIL*	
	ROSARIO	RAÚL & RAQUEL Z.	LUIS D.	MARÍA	*NOV. – FEBREIRO*	
	RAQUEL Z.	ROSARIO& MARÍA	RAÚL	LUIS D.	*DEC. – MAR.*	
	MARÍA	RAQUEL Z.&LUIS D.	ROSARIO	RAÚL	*XUÑO*	
MÉRCORES GRUPO 3	PILI	PILAR(OR)&PAULA	MARIVÍ	LAURA	*SET. – XAN. – MAIO*	ANTÍA
	PAULA	PILI & LAURA	PILAR (OR)	MARIVÍ	*OUTUBRO – ABRIL*	
	LAURA	PAULA & MARIVÍ	PILI	PILAR (OR)	*NOV. – FEBREIRO*	
	MARIVÍ	LAURA&PILAR(OR)	PAULA	PILI	*DEC. – MAR.*	
	PILAR (OR)	MARIVÍ & PILI	LAURA	PAULA	*XUÑO*	
XOVES GRUPO 4	MAITE	NORIT & NIEVES	RAÚL	EMMA	*SET. – XAN. – MAIO*	AMALIA
	EMMA	MAITE & NORIT	NIEVES	RAÚL	*OUTUBRO – ABRIL*	
	NORIT	EMMA & RAÚL	MAITE	NIEVES	*NOV. – FEBREIRO*	
	RAÚL	EMMA & NIEVES	NORIT	MAITE	*DEC. – MAR.*	
	NIEVES	MAITE & RAÚL	EMMA	NORIT	*XUÑO*	
VENRES GRUPO 5	PILI	INÉS	ANTÍA	LAURA	*SET. – XAN. – MAIO*	ÁNGELA
	SANDRA	PILI	INÉS	ANTÍA	*OUTUBRO – ABRIL*	
	LAURA	SANDRA	PILI	INÉS	*NOV. – FEBREIRO*	
	ANTÍA	LAURA	SANDRA	PILI	*DEC. – MAR.*	
	INÉS	ANTÍA	LAURA	SANDRA	*XUÑO*	

PLAN ANUAL DE LECTURA

CEIP ISAAC PERAL 2022-23

PLAN ANUAL DE LECTURA

A lectura, ademais de sentila como un pracer, debemos pensar que é o medio a partir do cal adquirimos gran parte dos mecanismos de aprendizaxe que nos axudan ao desenvolvemento da nosa intelixencia e da convivencia cos demais.

Por tanto, a escolla de textos e de actividades de dinamización lectora ten como finalidade:

- O fomento do hábito lector.
- A familiarización no uso dos recursos que ofrecen bibliotecas.
- A formación integral do noso alumnado.

➢ OBXECTIVOS

- ✓ Aprender a facer unha lectura reflexiva, interpretando e comprendendo textos de índole variada (novela, teatro, poesía, cómics, xornais, documentos…) e en soportes diferentes (impresos e electrónicos).
- ✓ Adquirir un vocabulario amplo, servíndose do manexo do dicionario para resolver dúbidas.
- ✓ Mellorar a ortografía.
- ✓ Adquirir unha boa fluidez, lendo en voz alta, aprendendo a pronunciar con claridade e a modular a voz, sen perder a comprensión do texto.
- ✓ Aprender técnicas para unha mellor expresión oral e escrita.
- ✓ Saber buscar información en diferentes soportes, comparar e extraer os datos necesarios.
- ✓ Lograr que sexa a lectura un elemento de gozo persoal, valorando tanto o texto escrito como as ilustración que o acompañan.
- ✓ Incorporar as novas tecnoloxías como novas fontes de información, aprendendo a utilizalas e analizar os datos con espírito crítico.
- ✓ En conclusión mellorar nas competencias lingüísticas.

➢ DINAMIZACIÓN LECTORA

A biblioteca do centro

A biblioteca do centro abrirá as súas portas este curso tras un pequeno parón debido á pandemia e a reformas na mesma. Todo o colexio poderá acceder á mesma este curso e comezar coa circulación de libros emprestados coma noutros cursos. É un curso de cambios, este ano poñerase en práctica un novo programa de préstamos e catalogación que fará mais sinxelo o funcionamento da mesma. Implementarase tamén dende a biblioteca, as bibliotecas de aula con libros escollidos para as distintas etapas; así como exemplares que se consideren precisos para desenvolver actividades varias. O Equipo de Biblioteca axudará na busca de textos adecuados para o desenvolvemento das actividades no aula.

A biblioteca de aula

Dende o equipo de biblioteca crearanse caixas viaxeiras que se levarán ás aulas para que o alumnado poda gozar coa lectura dun xeito variado e así enriqueces as bibliotecas dos distintos espazos.

A nivel de aula propiciaranse traballos de investigación propostos polo equipo de biblioteca en relación á temática deste curso (o comic).

Queremos que o noso alumnado ame a lectura por iso desenvolvemos actividades que lles poidan resultar atractivas. Para este curso levamos a cabo as seguintes:

- **Hora de ler,** todos os días da semana, durante 20' nos que se fan dende lecturas individuais, dirixidas, colectivas. Se fixará un itinerario lector nos distintos niveis, fomentando o estudo e coñecemento dirixido ó Plan de biblioteca.
- **Páxina web,** na que se reflicten todas as actividades feitas ou próximas a facer, aconsellándose lecturas relacionadas.
- **Lectura na rede**, séguense a manter as liñas de actuación de cursos pasados, **(lecturas on-line**). Traballos de investigación a través de páxinas webquest, blogues.
- **Actividades lúdicas e creativas:** xogos de rimas, adiviñas; facer marca-páxinas, ...
- **Vídeo-lectura:** "Do pracer de escoitar ao pracer de ler" proxectar contos para crear a ilusión por lelos despois.

- **Publicación xornal Mareiriña:** Traballos de cada aula contando experiencias vividas en saídas ao exterior co fin de fomentar unha aprendizaxe dinamizadora, motivadora e integradora.
- **Busca e aportación de recursos** para a programación e realización das actividades de todas aquelas festas sinaladas, tanto programadas pola BIB como polos demais equipos dinamizadores: Magosto, Nadal, Entroido, Día do Libro, Letras Galegas,...
- **Implicación das familias:** poderíamos solicitar a súa participación para enriquecer as relacións persoais e tamén introducilas no proceso de ensinanza aprendizaxe dos nenos e nenas.

➢ ITINERARIO LECTOR

Ao longo do curso, en todas as aulas, trabállase con libros de autores/as próximos a nós, que teñen relación co proxecto deste ano.

- **En E. Infantil**, trabállase a cotío a motivación á lectura, presentando e léndolles os libros que vaian sendo adquiridos pola biblioteca para a súa idade. Ademais daqueles relacionados coas temáticas das unidades didácticas e proxectos que traballen.
- En **E. Primaria,** realizando as actividades de dinamización.

➢ RECURSOS HUMANOS

- **O equipo directivo**, apoiando e asegurando a posta en práctica do Plan de lectura.
- **O equipo responsable do funcionamento da biblioteca,** coordinando as actividades que se desenvolven ao longo do curso en torno a lectura e xestionando o uso dos recursos bibliográficos e documentais, así como o desenvolvemento do Plan de Lectura.
- **O profesorado** participando e colaborando no desenvolvemento e realización das distintas actividades de animación lectora que son acordadas polo grupo dinamizador da biblioteca.

- profesorado realiza, ademais, actividades de apoio con aqueles alumnos/as que presentan NEAE ou que levan un retraso curricular importante respecto ao seu curso.
  - **Grupo coordinador de Actividades Extraescolares:** coordinando a xestión das propostas dos diferentes grupos dinamizadores (biblioteca, EDLG, TIC…) para un mellor desenvolvemento das actividades propostas.
  - **O alumnado** sendo o receptor e protagonista fundamental das tarefas que se programan na animación lectora e na biblioteca.
  - **As familias** implicadas, tanto directamente por realizar actividades relacionadas coa lectura no centro, como indirectamente, ao propiciar a lectura dos seus fillos/as.

➢ AVALIACIÓN

O grupo coordinador de actividades realizará unha avaliación que permita analizar o grao de satisfacción do profesorado e alumnado, establecendo criterios correctores para aqueles aspectos que se deban mellorar.

Avaliaranse aspectos como:

- Duración da actividade
- Consecución dos obxectivos propostos
- Aproveitamento e bo uso dos recursos utilizados.
- Compromiso da Comunidade Educativa

Cos resultados desta avaliación elaborárase un informe que recolla as necesidades de mellora, cara as seguintes actividades e as dos vindeiros cursos.

PLAN DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ATENCIÓN AO ALUMNADO CON N.E.A.E.

Os recursos persoais cos que conta o centro educativo para a atención aos alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo son os seguintes:

- Orientadora
- Dúas mestras especialistas de Pedagoxía Terapéutica (ámbalas dúas a xornada completa no centro)
- Unha mestra especialista de Audición e Linguaxe (a xornada completa no centro) e outra mestra especialista de AL (compartida co IES Catabois).
- Unha ATE (asistente técnico educativo).

O centro procurará dispoñer dos recursos necesarios para que os/as alumnos/as con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, poidan acadar, na medida das súas posibilidades, os obxectivos establecidos con carácter xeral para tódolos/as alumnos/as.

As demandas de intervención ao Departamento de Orientación poderán facerse a petición das familias dos/as alumnos/as ou dos/ mestres/as. O procedemento a seguir, no caso de levarse a cabo esta demanda, será:

1. A familia do/a alumno/a ou os/as mestres/as titores/as (a petición propia ou por iniciativa dos/as demais mestres/as do/a alumno/a) solicitarán a intervención por escrito, á Orientadora do centro, segundo o protocolo de demanda de avaliación psicopedagóxica recollida no PXAD.
2. A orientadora despois de recibidas as demandas levará a cabo unha avaliación psicopedagóxica dos/as alumnos/as xunto co correspondente informe psicopedagóxico. Realizado o informe a Orientadora (xunto coas mestras especialista de PT e AL) marcará os obxectivos a conseguir con cada alumno/a e as medidas de apoio necesarias de acordo cos recursos existentes.
3. Procurarase a colaboración dos pais dos/as alumnos/as establecendo canles de comunicación e cooperación.

PLAN XERAL ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A proposta de actividades do Departamento de Orientación do CEIP Isaac Peral para o curso 2022/2023 está baseada, ademais de na lexislación vixente, nas características do propio centro así coma do alumnado que atende e das súas familias.

CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO

No mes de setembro terá lugar a constitución do Departamento de Orientación do presente curso. O D.O. estará formado polas mestras especialistas de P.T. e A.L., a xefa do departamento a coordinadora de Educación Infantil e un/unha mestre/a representante da etapa de Educación Primaria.

Fixarase unha reunión mensual á que asistirán todos os membros que formen parte do departamento e que, previamente, serán convocados mediante unha acta de convocatoria enviada por correo electrónico con 24 horas de antelación. Esta reunión queda fixada para o primeiro martes de cada mes.

ALUMNADO ATENDIDO A PRINCIPIO DE CURSO

Ao comezo do curso atenderase ao alumnado recollido nas previsións de xuño do curso anterior (sempre con informe previo do DO).

Este alumnado será atendido por:

- As mestras de Pedagoxía Terapéutica.
- As mestras de Audición e Linguaxe.
- Os/as mestres/as con dispoñibilidade horaria.

Por suposto, este é un apartado en constante modificación debido ás novas valoracións, reagrupamentos, altas...

Durante o presente curso académico (2022/2023) as mestras especialistas de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe, reflictirase nos programas de intervención individualizados, para cada un dos nenos/as cos que interveñen, e que elaborarán a partir das necesidades recollidas nos correspondentes informes psicopedagóxicos e da información derivada das avaliacións iniciais ao comezo do curso.

OBXECTIVOS PARA O CURSO 2022/23

Os obxectivos do Departamento desenvolveranse nos seguintes ámbitos:

A atención ao proceso de ensino/aprendizaxe e á diversidade, a acción titorial e o traballo conxunto coas familias. Deste xeito, os obxectivos que nos propoñemos acadar son os seguintes:

1. *Respecto ao propio departamento*:

• Adquirir recursos bibliográficos, de diagnóstico e curriculares.

• Establecer e manter contactos e liñas de colaboración con aquelas institucións do entorno que sexa necesario: servizos sociais, sanitarios, terapéuticos….

• Manter as liñas de colaboración cos Departamentos de Orientación dos centros públicos de Ferrolterra.

2. *Atención ao alumnado:*

• Identificar de xeito temperá as necesidades específicas do alumnado, co fin de adoptar medidas preventivas e compensadoras.

• Revisión e modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

• Realizar as novas avaliacións psicopedagóxicas que se consideren pertinentes.

3. *Respecto ao profesorado*:

• Colaborar cos titores/as na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización no centro.

• Asesorar e colaborar cos titores/as na elaboración de reforzos educativos e adaptacións curriculares.

• Apoiar a actuación do profesorado proporcionándolle información sobre recursos e medios (materiais e didácticos) así coma estratexias metodolóxicas que podan favorecer a súa labor docente e titorial.

• Colaborar cos titores/as no fomento e profundar na relación coas familias.

4. *Respecto ao centro*:

• Potenciar o establecemento de liñas de coordinación entre os titores/as, especialistas en PT e AL e a xefa do departamento co fin de mellorar a eficacia da intervención educativa.

• Asesorar e colaborar, no ámbito das súas competencias, na elaboración do Proxecto Educativo do Centro.

• Colaborar no plan de convivencia e no desenvolvemento das accións oportunas.

• Participar na elaboración e uso de protocolos para a prevención e control do absentismo escolar.

5. *Respecto ás familias*:

• Colaborar estreitamente coas familias na educación e atención dos/as seus/súas fillos/as, especialmente aqueles/las que teñan algún tipo de dificultade.

• Facilitar que as familias se poidan achegar ao Departamento de Orientación co ánimo de solucionar calquera dúbida ou preocupación que poidan ter con respecto aos seus fillos/as.

• Colaborar coa asociación de nais e pais do centro en temas relacionados coa orientación educativa.

ESTRATEXIA DE INTERVENCIÓN

A estratexia de intervención deseñada a partir dos obxectivos anteriores está relacionada coa atención á diversidade e o plan de acción titorial.

•Atención á diversidade

Dentro desta liña de intervención atopamos dúas modalidades de intervención:

- Atención á diversidade xeral: a través da necesaria acomodación do proceso de ensino/aprendizaxe de todo o profesorado ás condicións particulares de cada neno e nena: nivel de coñecementos previos, estilos de aprendizaxe, situación socio-familiar etc. O departamento de orientación fomentará e asesorará no deseño deste tipo de medidas por parte, especialmente, dos titores e titoras dos diversos grupos.
- Atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Neste ámbito establécense dúas liñas de atención:

    - Reforzo educativo: sen apoio e con apoio.

O primeiro tipo é aquel que deseña e aplica o propio profesorado con aqueles/as alumnos/as que presentan certas dificultades para seguir a programación diaria. O departamento do orientación poderá colaborar no deseño deste tipo de reforzo se o mestre implicado así o demanda.

O reforzo educativo con apoio é unha medida de apoio temporal realizado por un mestre ou mestra especialista en pedagoxía terapéutica ou de audición e linguaxe. Para que se produza este tipo de reforzo é necesario que así o aconselle a pertinente avaliación psicopedagóxica realizada polo departamento de orientación. En todo caso, o seu deseño realizarase en

colaboración cos/coas mestres/as implicados/as en cada caso.

- Adaptación curricular: é unha medida extraordinaria que se deseñará seguindo o procedemento establecido na Orde do 6 de outubro de 1995 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

• Plan de acción titorial

Ao longo do curso iranse recollendo as seguintes actuacións de xeito sistematizado:

- Programa de exploración psicopedagóxica. Este programa realízase dentro dun enfoque preventivo. Toda a información acadada transmítese ao profesorado e á familia. As exploracións realizaranse nos cursos 6º de educación infantil e 6º de educación primaria.
- Programa de acollida. O centro conta cun programa de acollida para os nenos/as de 3 anos. Tamén faise extensivo a outros colectivos: alumnado novo.
- Programa de preparación para a ESO: Tense deseñado xunto coa orientadora do IES Saturnino Montojo, e se desenvolve en dúas fases consecutivas e complementarias.

DESENVOLVEMENTO:

PRIMEIRA FASE: Información xeral sobre a ESO e sobre o IES "Saturnino Montojo"

Esta fase, destinada ao alumnado, desenvolverase no propio centros por parte da orientadora.

SEGUNDA FASE: Visita ao IES. Estará planificada polos dous departamentos de orientación e dirixida a coñecer "in situ" as novas instalacións.

En todas e cada unha das fases o Departamento de Orientación deberá asesorar aos distintos titores e titoras no seu desenvolvemento.

TERCEIRA FASE: xuntanza coa orientadora do IES para informar do alumnado que se incorpora á nova etapa educativa.

Convocarase aos pais e nais do alumnado a unha charla informativa no IES por parte da orientadora dese centro.

<u>ACCIÓNS PRIORITARIAS</u>

Para traballar na dirección proposta nos obxectivos e estratexias de intervención anteriormente reseñadas, propoñemos as seguintes accións prioritarias:

1. Respecto ao propio departamento:

- Realización de reunións de tódolos membros do departamento.
- Coordinación específica coas mestras de audición e linguaxe e pedagoxía terapéutica: avaliación, intervención e seguimento dos diferentes casos.
- Definir e dar publicidade ás liñas xerais de actuación entre a totalidade da comunidade educativa utilizando as diversas reunións e foros.
- Reunións de coordinación con outros departamentos:
    - Orientadora do IES.

2. Respecto ao alumnado

- ✓ Colaboración no deseño e realización da avaliación do período de adaptación e avaliación inicial do alumnado.
- ✓ Elaboración, recollida e análise dos informes dos titores/as respecto as necesidades educativas que detecten na súa aula.
- ✓ Realización de avaliacións psicopedagóxicas.
- ✓ Deseño de respostas educativas axeitadas para cada caso e situación.
- ✓ Elaboración de informes psicopedagóxicos, ditames de escolarización, e todo aquilo que fose necesario e entre dentro das competencias do departamento ou dos seus membros.
- ✓ Análise do PCC de cada etapa co fin de establecer un nivel de competencia curricular para determinar aqueles casos que requiran atención directa.
- ✓ Participación nas sesións de avaliación.

3. Respecto ao centro

- ✓ Colaborar na elaboración do proxecto educativo do centro así como no desenrolo do plan de convivencia.

4. Respecto ao profesorado

- ✓ Búsqueda e adaptación de material de observación e avaliación.
- ✓ Colaboración no deseño de estratexias metodolóxicas ou organizativas que poidan contribuír a unha máis eficaz atención individualizada.
- ✓ Asesoramento e colaboración na elaboración dos programas de modificación de conduta, reforzo educativo e adaptacións curriculares que fosen necesarios.
- ✓ Reflexionar sobre os criterios que deben considerarse á hora de adoptar a decisión de permanecer un ano máis en determinado curso ou etapa.
- ✓ Sistematizar e concretar, en cada curso, os criterios de avaliación e as correspondentes medidas curriculares e organizativas.

5. Respecto ás familias:

- ✓ Concertar tódalas citas que sexan necesarias para atender cada caso.
- ✓ Estar a disposición das familias que requiran a atención do departamento.

- ✓ Informar e asesorar ás familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

TEMPORALIZACIÓN

No cadro seguinte aparece unha proposta de temporalización das actividades do departamento.

ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CURSO 2022/23	
1º TRIMESTRE	Constitución do Departamento. Plan de actividades anuais do D.O. Becas para o alumnado con NEAE. Seguimento do alumnado obxecto de: reforzo/AC. Mestres e familias. Coordinación equipo directivo: propostas para a elaboración de horarios. Seguimento e avaliación: período de adaptación e inicial(revisión de expedientes de novas incorporacións) Coordinación PT e AL: deseño e intervencións. Entrevistas cos titores/as e especialistas. Entrevistas coas familias. Valoración de novos casos. Colaborar no desenrolo do Plan de Convivencia. Colaborar no desenrolo do Plan de Igualdade. Seguimento do absentismo. Manter liñas de colaboración cos departamentos de orientación dos centros de Ferrolterra. Establecer e manter contactos e liñas de colaboración con profesionais e institucións que sexa necesario. Participar nas sesións de avaliación. Compra de material.
2º TRIMESTRE	Seguimento de NEAE e absentismo Atención á diversidade no PE Valoración de novos casos.

	Flexibilización do alumnado que así o requira. Coordinación PT e AL. Entrevistas cos titores/as e especialistas. Entrevistas coas familias. Participar nas sesións de avaliación. Probas colectivas de 6º de E.P. Compra de material
3º TRIMESTRE	Seguimento de NEAE e absentismo Valoración de novos casos. Coordinación PT e AL Entrevistas cos/as titores/as e especialistas Participar nas sesións de avaliación Informes finais. Programa de preparación para a ESO. Coordinación coa orientadora do IES. Memoria do departamento de orientación. Probas colectivas de 6º de E.I. Compra de material

RECURSOS

Os recursos que se empregarán para a posta en marcha das diversas actividades serán de dous tipos: os propios do centro e os externos, que á súa vez se agrupan en:

- **Recursos Humanos**: mestras/es, profesorado das especialidades, Departamento de Orientación (constituído por unha Orientadora dúas mestras especialistas de PT a tempo completo; unha mestra especialista de AL, a tempo completo, e unha mestra especialista de AL compartida co IES de Catabois), Equipo de Orientación Específico…, que forman parte do proceso de ensino-aprendizaxe, así coma todo o persoal alleo ao centro (pediatra, logopeda, traballador/a social, entre outros) que poidan asesorar e mellorar a calidade da aprendizaxe.

  O centro conta cunha ATE (asistente técnico educativo), con funcións asistenciais. A orientadora lle asignará os/as alumnos/as cos que intervirá e elaborará o seu horario e as pautas de intervención que deberá seguir con cada un deles. A proposta será elevada a Xefatura de Estudos para a súa aprobación

- **Recursos materias**: Proxecto Educativo, escalas de observación, probas

psicopedagóxicas e test estandarizados, mobiliario e material adaptado, programas informáticos, manuais, dípticos/trípticos, follas de rexistro, material de reforzo, bibliografía específica, entre outros.

AVALIACIÓN

1. Unha vez ao trimestre, e ao finalizar este, o departamento avaliará a evolución da súa actuación respecto dos obxectivos propostos e concretará as liñas de traballo do trimestre seguinte.
2. Trimestralmente a orientadora e as mestras de audición e linguaxe e pedagoxía terapéutica reuniranse para revisar o sistema de traballo e a necesidade de modificacións.
3. As mestras de pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe realizarán, ao finalizar o curso, unha valoración sobre cada neno/a co que están a traballar e nela se recollerá unha avaliación inicial e final cunha descrición do traballo realizado e unha proposta de continuidade.
4. Elaboración dunha memoria final de curso que valore o traballo do departamento durante o curso e propoña liñas de actuación para o seguinte.

ATENCIÓN AO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO

Procurarase a posta en marcha de medidas tendentes á súa integración, á realización das avaliacións psicopedagóxicas que procedan e á dotación das medidas específicas de apoio que se estimen necesarias, especialmente o que ten que ver cos grupos de adquisición das linguas. En todo caso, a súa incorporación plena ao noso contorno (adaptación, aprendizaxe da Lingua Galega, equiparación curricular, ...) será unha priorización constante por parte do centro.

PROGRAMA
DE
SECCIÓNS BILINGÜES

O programa de seccións bilingües comeza no presente curso, 22-23, en 1º e 2º de Educación Primaria a través da área Educación Artística, Educación Musical.

Os **integrantes** do equipo son:

a) Profesora de Educación Musical en Inglés: **Mª Emma Sela Pérez**, mestra especialista en Educación Musical con experiencia previa en seccións bilingües en 2 centros educativos.
b) Coordinadora: **María Sánchez Sánchez** especialista en Lingua Estranxeira e Xefa de Estudos do centro.
c) Auxiliar de conversa, Regina Bonfiglio, potenciando a linguaxe oral nas materias de Educación Musical e na Lingua Estranxeira, Inglés.

Obxectivos:

- Desenvolver a competencia comunicativa do alumnado na lingua estranxeira, así como a comprensión e empatía coa cultura que representa.
- Fomentar a curiosidade do alumnado cara ao novo idioma a través de actividades que potencien a capacidade creativa e expresiva.
- Proporcionar ao alumnado as ferramentas necesarias para a súa integración nunha sociedade globalizada e multicultural.